



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación Análise 5º e 6º curso

Grao Profesional

2017-18



Profesores: Fernando Buide del Real,  
José Luis Quintás Carreira  
Serafín Fernández Fentanes



## Índice

---

<b>1. Introducción.....</b>	<b>3</b>
<b>1.1 Obxectivos das ensinanzas.....</b>	<b>4</b>
1.1.1 Obxectivos xerais do grao profesional.....	4
<b>1.2 Obxectivos específicos.....</b>	<b>5</b>
<b>2. Metodoloxía.....</b>	<b>7</b>
<b>3. Atención á diversidade.....</b>	<b>8</b>
<b>4. Temas transversais.....</b>	<b>8</b>
4.1 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	9
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>9</b>
<b>6. Secuenciación do curso.....</b>	<b>9</b>
Curso: 5º e 6º cursos de grao profesional.....	9
6.1 Obxectivos.....	9
6.2 Contidos.....	10
6.3 Avaliación.....	12
6.3.1 Criterios de avaliación.....	12
6.3.2 Mínimos esixibles.....	13
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	13
6.3.4 Criterios de cualificación.....	15
6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	16
6.4 Medidas de recuperación.....	16
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	16
6.4.2 Probas extraordinarias de setembro.....	17
6.5 Recursos didácticos.....	17
<b>7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>19</b>
<b>8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>19</b>
<b>ANEXOS.....</b>	<b>20</b>



## 1. Introducción

---

O nivel técnico e interpretativo do alumnado nos dous últimos cursos do grao profesional permítelle traballar cun repertorio de obras cunhas dimensións formais, unha complexidade harmónica, polifónica e de elaboración temática, e unha variedade estilística e estética que fan necesario afondar no coñecemento dos principais elementos e do procedemento da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de avanzar cada vez máis nunha comprensión das devanditas obras sen que sexa imprescindible desenvolver a destreza nas técnicas de escritura. Este avance pódese realizar a través da análise, como ferramenta imprescindible para calquera que sexa o futuro profesional do estudante.

A disciplina de análise pretende subministrarlle o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poidan ser relevantes.

Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. Esa similitude coa linguaxe permite que á música se lle poidan aplicar os criterios da lingüística que supoñen unha vía fecunda cara ao coñecemento. Os criterios de sincronía (definindo a mutua relación dos elementos da obra) e diacronía (a evolución destes no tempo) son, quizais, os que máis axeitadamente se adaptan á análise musical. É importante a valoración de toda obra musical como pertencente a un estilo ou a un autor e a unha época, que só adquiren a súa exacta dimensión cando se relacionan intimamente cos estilos ou as épocas anteriores e posteriores.

A análise está concibida como materia común para todas as especialidades nos dous últimos cursos do grao profesional aínda que, pola súa propia esencia, se trata dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos seus estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesor ou a profesora leven a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos, etc., e que a súa comprensión sexa indispensable para interpretar



correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional, o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunha materia tan incuestionable.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras.

Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

## **1.1 Obxectivos das ensinanzas**

---

### **1.1.1 Obxectivos xerais do grao profesional**

---

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.



- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

## **1.2 Obxectivos específicos**

---

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:



- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



## 2. Metodoloxía

---

Basearase no aprendizaxe por descubrimento en situacións que fomenten a creatividade e autonomía dos alumnos. O aprendizaxe é un proceso persoal de cada alumno que o profesor non pode impoñer nin substituír, só estimular e facilitar de o interese do aprendiz.

A metodoloxía basearase nos seguintes principios metodolóxicos:

1. A formación personalizada.
2. A participación e colaboración dos pais ou titores
3. A efectiva igualdade de dereito entre os sexos.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
5. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
6. A autonomía pedagóxica.
7. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
8. A metodoloxía activa.
9. A relación co entorno social, económico e cultural.

Haberá que prestar especial atención ó aspecto colectivo da clase de análise, aproveitándoo para desenvolver a motivación e o interese do alumno. Ó ser un grupo grande será o profesor o que ostente o papel de líder, pero tentarase conseguir unha variedade de traballos que abrangan dende o individual ó colectivo pasando polos pequenos grupos. Tentarase evita-la polarización clásica de funcións, deixando ós alumnos o desenvolvemento dun papel activo. O modelo docente deberá ser dinámico e integrador, compartindo a responsabilidade, estimulando o diálogo e a participación ordenada dos alumnos, facilitando a aprendizaxe por descubrimento, integrando as suxestións dos alumnos e adaptándose mellor ás súas necesidades.

O ambiente de traballo é tamén importante. Tentarase adapta-la clase ás características propias e sempre cambiantes de cada grupo de alumnos. O profesor deberá establecer na clase unha autoridade clara, pero as súas correccións deberán ser sempre construtivas e sen xestos nin comentarios despectivos que poidan ofender. O profesor interesarse igualmente por todos e cada un dos alumnos, evitando os diálogos excesivamente





personalizados. Os problemas específicos trataranse aparte no tempo de tutoría.

Para que os alumnos estean verdadeiramente motivados deberán coñecer exactamente os obxectivos e o plano de cada actividade e ser estimulados nos seus centros de interese comprendendo a funcionalidade do que aprenden. Neste sentido, e dado o carácter eminentemente teórico que esta materia tivo dende antigo, será importante, dentro do posible, realizar todo tipo de actividades que permitan comprender ó alumno que se trata dunha materia viva, importante para a súa formación musical. Ademais a avaliación deberá ser continúa, formadora e orientadora e estimularase a motivación baseada na autoestima e os reforzos positivos.

Poderanse utilizar técnicas de grupo orientadas a fomenta-lo traballo e a reflexión en grupo.

As actividades de ensinanza serán de diferentes tipos segundo o grupo e os contidos, conceptos, procedementos e actitudes que se queiran desenvolver. Para ensinar conceptos farase uso das actividades expositivas (por parte do profesor ou do alumno ou grupo de alumnos). Tamén se poden organizar discusións ou debates, as cales requirirá nunha preparación previa individual ou por equipos e un protocolo de funcionamento claros. O moderador será o profesor ou un alumno. O análise de partituras tamén se fará de forma colectiva alternándoa co traballo individual.

### **3. Atención á diversidade**

---

Non se contempla ningunha medida deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

### **4. Temas transversais**

---

Todos os temas transversais, e especialmente os de educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .





## 4.1 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC's poderán ser unha ferramenta moi útil na clase de análise, tanto pola cantidade de materiais existentes, canto polo interese e atracción do alumnado por estas tecnoloxías. Poderase facer uso de medios de imaxe estática como a lousa (de xiz ou rotulador), os proxectores de diapositivas, proxeccións en Power Point, , fotocopias. Será necesario un equipo de son de boa calidade. O uso do vídeo, así como do ordenador con conexión a internet poderá resultar dunha gran utilidade.

Para a selección dos recursos didácticos teremos en conta os seguintes criterios: 1) que respondan a unha necesidade, 2) que faciliten o aprendizaxe, 3) que presenten unha información exclusiva, 4) que sexan rendibles e 5) que estimulen a creatividade.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

As actividades de promoción das ensinanzas e distintas actividades que se poidan fomentar iranse vendo ao longo do curso e sobre todo potenciarase a escoita de música en vivo e a asistencia a concertos ao longo do curso.

## 6. Secuenciación do curso

---

**Curso: 5º e 6º cursos de grao profesional**

### 6.1 Obxectivos

O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.



- b) Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- e) Tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

## 6.2 Contidos

Estudio dos principais elementos e procedementos compositivos (harmonía, contrapunto, etc.) a partir de obras de diferentes épocas e autores, dende o canto plano á actualidade (incluíndo referencias a ó música non occidental) e dende distintos puntos de vista analíticos. Tamén se estudarán os feitos históricos e psicoperceptivos indisolubles do fenómeno musical. Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos aprendidos que conduzan á súa interiorización.

**Os contidos de tipo conceptual a desenvolver durante estes dous cursos serán os seguintes:**

### Contidos 5º CURSO

#### *Evolución da composición musical dende o Gregoriano ata o Barroco*

Debido o adianto da materia de Historia da Música un ano académico só é necesario facer un repaso de xeito básico ao análise dende o canto gregoriano ata o nacemento da tonalidade.

#### **Primeira Avaliación**

**Unidade Introdutoria.** Introducción a Forma. A cadencia.



**Unidade 1.** O motivo. A semifrase. A frase

**Unidade2.** O período

**Unidade3.** O pequeno ternario

**Unidade4.** A secuencia

### **Segunda Avaliación**

**Unidade5.** Centros tonales e coordinación de tonalidades

**Unidade6.** Pequenas formas. As danzas no barroco. A suite e súa evolución.

**Unidade7.** Técnicas de desenvolvemento: liquidación e expansión, procesos contrapuntísticos.

**Unidade8.** O ritmo e a textura.

### **Terceira Avaliación**

**Unidade9.** Introducción ao Clasicismo musical. Principios básicos.

**Unidade10.** O tema con variacións.

**Unidade 11.** Introducción á análise da forma sonata.

## **Contidos 6º CURSO**

### **Primeira Avaliación**

**Unidade 1.** Formas contrapuntísticas. A invención e fuga, o trío sonata.

**Unidade 2.** A expansión da forma sonata. Súa influencia noutros movementos.

**Unidade 3.** O rondó, a aria e formas vocais.

**Unidade 4.** O movemento lento. O movemento final.

### **Segunda Avaliación**

**Unidade 5.** O concerto. O primeiro movemento.

**Unidade 6.** A evolución da harmonía no romanticismo. Cromatismo, modulacións lexanas.



**Unidade 7.** As formas no romanticismo (I). A expansión da forma sonata

**Unidade 8.** As formas no romanticismo (II). Pequenas formas pianísticas, o lied.

**Terceira avaliación.**

**Unidade 9.** Expansións e alternativas á tonalidade establecida no século XIX. Fauré, Franck, Mussorgsky.

**Unidade 10.** Neomodalismo no século XIX.

**Unidade 11.** O impresionismo.

## 6.3 Avaliación

A avaliación do alumno será **continua** e integradora polo que é **REQUISITO INDISPENSABLE** para supera-la materia a **asistencia regular** ás clases e ás actividades programadas que puideran desenrolarse o longo do curso.

### 6.3.1 Criterios de avaliación

- 1 • **Identificar mediante o análise** os elementos morfolóxicos das distintas épocas do linguaxe musical occidental.
- 2 • **Identificar mediante o análise** de obras das distintas épocas da
- 3 música occidental os elementos e procedementos que configuran **a forma a pequena escala.**
- 4 • **Identificar mediante o análise** de obras das distintas épocas da música occidental os elementos procedementos e niveis estruturais que configuran **a forma a gran escala.**
- 5 • **Identificar a través do oído** os elementos e procedementos que configuran **a forma a pequena escala.**
- 6 • **Identificar a través do oído** os elementos e procedementos que configuran a



forma a gran escala.

Todos estes criterios están relacionados **cunha serie de coñecementos teóricos sobre as distintas técnicas compositivas de cada período histórico** que haberá que coñecer, e sobre as cales o alumno pode ser interrogado.

### 6.3.2 Mínimos esixibles

#### **Contidos mínimos esixibles**

- 1 1. Coñecemento básico dos principais e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata o barroco.
- 1 2. Coñecemento a través da análise dos compoñentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía).
- 1 3. Coñecemento das cadencias, acordes e procedementos modulatorios, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversas épocas e autores, dos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
4. Práctica auditiva e instrumental dos acordes e das fórmulas harmónicas máis características das épocas da práctica tonal, que conduza á súa interiorización.

### 6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será continua e reflexará a participación nas clases, os comentarios realizados polos alumnos así como a presentación de traballos que desenvolvan os contidos tratados ao longo do curso.

#### **Probas específicas.**

**Realización:** Para esta proba reservarase un día lectivo (normalmente o día de clase anterior á avaliación), se fóra necesario ampliaríase este tempo. Poderán ser abertas ou pechadas (tipo proba).

**Contidos:** Poderán estar constituídos por un ou máis dos seguintes exercicios:



**1-Análise escrito:** realización dunha análise dunha peza ou fragmento seguindo o esquema aprendido en clase.

**2-Análise auditivo:** os alumnos realizarán un análise auditivo seguindo este mesmo esquema.

**3-Preguntas teóricas ou teórico-prácticas** sobre os contidos nun formato ben tipo test ou de resposta curta a criterio do profesor.

### **3. Traballos.**

Se o profesor o cree conveniente poderase esixir a presentación de traballos ao longo do curso relacionados cos contidos expostos anteriormente.

A **AVALIACIÓN FINAL** será unha suma da avaliación continua, xunto coa cualificación obtida nunha serie de probas obxectivas que se realizaran ao longo dos trimestres.

O alumno que perdesse o dereito a avaliación continua por reiteradas faltas de asistencia sen xustificar, e como criterio de avaliación, o profesor poderá empregar un único exame que se realizará ao final do curso cos formatos xa expostos nas avaliacións trimestrais e os contidos xa expostos e a presentación de traballos axeitados ao curso. A dito exame final, o alumno será convocado con antelación suficiente polo profesor.

Na avaliación continua terase en conta non só a asistencia a clase, senón parámetros como a puntualidade, comportamento, actitude, participación, etc; ademais da realización das propostas de traballo dentro e fora da aula e as melloras paulatinas que se iran apreciando en ditos traballos e nas propias probas obxectivas.

Os traballos dentro e fora da aula poderán estar constituídos por un ou máis dos seguintes exercicios:

1. Análises realizados de maneira colectiva na propia clase, así como a realización de traballos de análise que o alumno ha de realizar individualmente e de maneira regular para debater na clase co resto de alumnos e o profesor.
2. A realización de un ou máis traballos trimestrais, que o alumno terá que expoñer na clase e presentar ordenados e redactados.
3. Lectura de libros e artigos de referencia que se comenten na clase, como complemento e para un mellor aproveitamento das mesmas, así como para suscita-



lo debate e o espírito crítico entre o alumnado.

### 6.3.4 Criterios de cualificación

Para aprobar a materia, o alumno/a deberá:

1. Realizar as análises propostas na aula.
2. Demostrar capacidade analítica adecuada ao estilo de cada obra.
3. Demostrar a súa aprendizaxe en todos os tipos de análises
4. Saber contextualizar historicamente a obra. (únicamente en 6º)
5. Ter a capacidade de transmitir con claridade, de forma verbal e escrita, as súas reflexións analíticas.
6. Usar a terminoloxía adecuada.
7. No exercicio de análise harmónico esixíranse os seguintes mínimos:

Sinalar correctamente o cifrado.

Sinalar modulacións e rexionalizacións.

Sinalar dominantes secundarias.

Sinalar acordes de 6ª Napolitana e 6ª aumentada.

Sinalar e diferenciar os diferentes tipos de cadencias: cadencia auténtica perfecta e imperfecta, semicadencia, cadencia rota, etc.).

Na nota final terase en conta a constancia, o traballo diario e a motivación do alumno/a.

Así mesmo, a ausencia ás clases influirá para matizar a nota final, podendo chegar a ser determinante.





### 6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

## 6.4 Medidas de recuperación

A recuperación da materia para aqueles alumnos que a teñan pendente ha de ser un obxectivo a perseguir ao longo do curso e para elo poderanse pedir traballos a maiores a aquel alumnado con ese obxectivo e preparar as medidas de apoio necesario no seu caso.

### 6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.



### ***Recuperación durante o curso.***

No exame da segunda avaliación incluíranse aspectos da primeira, e no exame da terceira avaliación incluíranse aspectos das anteriores para que poidan recuperalas aqueles que non a teñan superado ao longo do curso.

Para o alumno que perdesse o dereito a avaliación continua por reiteradas faltas de asistencia sen xustificar, e como criterio de avaliación, o profesor **empregará un único exame que se realizará ó final do curso** que incluírá todos os contidos incluídos para o curso en esta programación. A dito exame final o alumno será convocado con antelación suficiente.

### ***2. Recuperación de materias pendentes.***

O alumnado co análise de 5º pendente asistirá ás clases de 5º Curso e realizará as mesmas tarefas e probas.

## **6.4.2 Probas extraordinarias de setembro**

O exame de setembro estará constituído por unha proba obxectiva seguindo o mesmo formato ca a de perda de avaliación continua.

## **6.5 Recursos didácticos**

### ***Material imprimado.***

Poderanse utilizar apuntes en fotocopias preparadas polo profesor, así como libros de merca obrigada. Ademais facilitarase ós alumnos unha lista con bibliografía recomendada.

Nas clases analizaranse partituras correspondentes a diversos estilos e épocas históricas co fin de familiarizar ó alumno cos procedementos harmónicos década época.

Como material imprimado poderanse utilizar tamén láminas, estampas, cartas postais e carteis.



## ***Medios audiovisuais***

Poderase facer uso de medios de imaxe estática como a lousa (de xiz ou rotulador), os proxectores de diapositivas, proxeccións en Power Point, fotocopias. Será necesario un equipo de son de boa calidade. O uso do vídeo, así como do ordenador poderá resultar dunha gran utilidade.

Para a selección dos recursos didácticos teremos en conta os seguintes criterios:

1. que respondan a unha necesidade.
2. que faciliten o aprendizaxe.
3. que presenten unha información exclusiva.
4. que sexan rendibles.
5. que estimulen a creatividade.

## **Bibliografía**

### ***Formación do oído***

Hindemith, Paul.- Adestramento elemental para músicos.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Formación musical do oído.- Labor.<sup>(1)</sup>

### ***Formas musicais***

Bas, Julio.- Tratado de la forma musical.- Ricordi Americana.

Kühn. Clemens.- Tratado de la forma musical.- Labor.

Rosen, Charles.- Formas de sonata.- Labor

Willam Caplin.- Classic Form



Zamacois. Joaquín.- Tratado de la forma musical.-Labor.

### **Melodía**

Toch, Ernst- A melodía.- Labor.

<sup>1</sup> \*Os libros editados pola desaparecida editorial Labor poden ser agora publicados por outras editoriais como Spanpress.

## **7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

---

Utilizarase o protocolo, xa empregado no pasado curso, que se presenta como ANEXO I a esta programación.

## **8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Utilizarase o protocolo que será debatido e aprobado en reunión de Departamento antes da realización das probas da primeira avaliación.



## ANEXOS

### 1. Probas de acceso 1º de grao profesional

Non se contempla nesta materia

### 2. Probas de acceso a outros cursos.

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder a 6º curso de grao profesional deberá demostrar o seu dominio da materia de Análise.

**Para acceso a a 6º curso** o aspirante o aspirante realizará unha proba similar a proba extraordinaria de setembro correspondente ao 5º curso de Grao Profesional..

Para o acceso a 6º curso de Grao Profesional contéplanse os mesmos contidos e criterios de avaliación expresados nesta programación.

### 3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

Non se contempla nesta materia